



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS NAS FESTAS E VERBENAS POPULARES DAS DISTINTAS PARROQUIAS, PONTE DA CONSTITUCIÓN, NADAL, ENTROIDO E SEMANA SANTA.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000647

Vista a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia en relación coa ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Artigo 8. Modificacións de horarios.

1. De acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os horarios xerais, poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde.
2. Corresponderá aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Artigo 9. Ampliacións de horarios.

1. Ao amparo do disposto non artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo ou seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos a ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares das diferentes parroquias do concello, Ponte da Constitución, Nadal, Entroido e Semana Santa, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.
2. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos e das actividades recreativas.
4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Pola presente en uso das facultades outorgadas legalmente **RESOLVO:**

Primeiro.- Ampliar dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos sitos en cada parroquia do Concello , así como a finalización dos espectáculos públicos e de actividades recreativas, para as datas de celebración das festas e verbenas patronais correspondentes a cada unha delas.

Segundo.- Ampliar dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal de Carral abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e de actividades recreativas durante as ponte da Constitución (días 6, 7 e 8 de decembro), Nadal (dos días 24, 25 e 31 de decembro, 1, 5 e 6 de xaneiro), Entroido e festivos de Semana Santa.

Segundo.- Dar publicidade deste decreto coa súa exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello.

Terceiro.- Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto, e aos únicos efectos de fé pública (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo) dou fe

A SECRETARIA

Rebeca Vázquez Vázquez